



COMUNICADO 2ª AVALIACIÓN

Estimadas familias,

informámosvos de que

*segundo os acordos da CONFERENCIA SECTORIAL DE EDUCACIÓN do 25 de marzo de 2020,
publicados na páxina web da Consellería*

- **Mantense o calendario escolar**, polo que en principio o curso terá a duración prevista.

As propostas de traballo suspenderanse respectando as vacacións de Semana Santa, dende o luns 6 ata o luns 13 de abril, ambos os dous incluídos.

- **Suspéndense as probas de avaliación diagnóstica previstas para 3º e 6º de primaria.**

- **Avaliarase o segundo trimestre.**

Segundo as instrucións recibidas da Consellería de Educación

Avaliarase co traballo realizado ata o xoves 12 de marzo.

Non se avaliarán as actividades realizadas despois de decretarse o estado de alarma.

As notas publicaranse o venres 3 de abril a partir das 12 horas.

O medio principal para a súa notificación e envío é a **aplicación Abalar Móbil** polo que é importantísimo que a descarguedes. É moi sinxelo, ademais no enlace seguinte podedes atopar máis información <https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/guia-mobil-familiascastellano.pdf>

Ás que non sexa posible a través deste medio xa nos poremos en contacto con vós para arranxalo. En calquera caso aproveitamos para insistir de novo na necesidade de que descarguedes a aplicación o antes posible.

Agardo que esteades todos e todas ben.

Coidádevos moito.

Unha aperta, Laura